



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MUROS

Anuncio da lista provisional de persoas admitidas do proceso selectivo para a cobertura en propiedade dunha praza de administrativo/a de intervención (Grupo C1), como persoal funcionario de carreira, OPE 2025

ANUNCIO

Por Resolución desta Alcaldía núm. 797/2026 de 10 de setembro (Exp. núm. 2026/G003/000830) adoptáronse os seguintes acordos:

Vista a Resolución da Alcaldía núm. 674/2026, do 24 de xullo, pola que se aprobaron as bases reguladoras do proceso selectivo, mediante promoción interna e polo sistema de concurso-oposición, para a cobertura en propiedade dunha praza de administrativo/a de Intervención, como persoal funcionario/a de carreira, grupo C1, incluída na Oferta de Emprego Público do Concello de Muros do ano 2025 (Exp. núm. 2026/E001/000002).

Visto o anuncio da convocatoria do citado proceso selectivo publicado no Boletín Oficial do Estado núm. 197, do 12 de agosto de 2026.

Vista a solicitude presentada para participar no referido proceso selectivo e rematado o prazo de presentación de solicitudes, e de conformidade co previsto na base 7 das que rexen a convocatoria,

RESOLVO:

PRIMEIRO. Aprobar a lista provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo para a provisión, como persoal funcionario/a de carreira, dunha praza de administrativo/a de Intervención (grupo C1), mediante promoción interna e polo sistema de concurso-oposición, incluída na Oferta de Emprego Público do Concello de Muros do ano 2025.

Persoas admitidas:

APELIDOS E NOME	DNI
Tajes Pérez, Eva María	***9210**

Persoas excluídas:

Non hai.

SEGUNDO. Publicar esta resolución no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Muros (taboleiro electrónico: <https://sede.muros.gal>).

TERCEIRO. Conceder un prazo de 10 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, para formular reclamacións ou alegar omisións.

Muros, 11 de setembro de 2026

María Lago Lestón

Alcaldesa do Concello de Muros

2026/5983